

BASES LEGAIS SORTEO XIRA NON VAS PODER CON NÓS

1.- EMPRESA ORGANIZADORA

A entidade organizadora do sorteo é C. Grupo de Empresas de Comunicación, Márketing e Investigación S.A. con NIF A15347628 e domicilio en R/Enrique Mariñas, 36 – Ático 15009 da Coruña. Representada por GADISA RETAIL, S.L.U., con domicilio social no Polígono de Piadela s/n de Betanzos- A Coruña 15300

2. -ÁMBITO XEOGRÁFICO

Este sorteo ten ámbito nacional (só península). Para poder participar, o participante debe ser titular dunha conta Instagram/Facebook/Twitter/Tik Tok. Ademais, coa súa participación neste concurso/sorteo, o participante acepta coñecer e cumprir as condicións da rede social respectiva.

3.-ÁMBITO TEMPORAL

O prazo do sorteo iniciarase o día 13/07/2021 ás 12:00 a.m (inicio de gravación) e finalizará o 31 de agosto ás 23:59 p.m . Só terá lugar a través da propia conta de Instagram @vivamos_galegos e tik tok @vivamos_galegos e baixo o cumprimento destas bases legais. As contas de Facebook @vivamosgalegos e Twitter @viamosgalegos estarán vencelladas con función informativa, sen validez de participación no sorteo.

4.-PARTICIPANTES

Poden participar todas as persoas físicas maiores de 18 anos, rexistradas previamente na rede social de Instagram e Tik tok cun usuario real, e que sexan seguidoras da conta de Instagram e Tik tok @vivamos_galegos
Deberán participar no sorteo, segundo a mecánica do sorteo.

Non poderán participar no sorteo: empregados da empresa C. Grupo de Empresas de Comunicación, Márketing e Investigación S.A. e GADISA RETAIL, nin colaboradores directos ou indirectos que interviñesen na promoción. Perfís fraudulentos en Instagram. Persoas que a empresa considera que incumpriron algunhas das normas establecidas para o sorteo. Descartaranse de forma automática estas participacións.

5.-OBJECTO E MECÁNICA DO CONCURSO

Para o sorteo “Xira #NONVASAPODERCONNOS” creado por C. Grupo de Empresas de Comunicación, Márketing e Investigación S.A., poderase participar só na rede social de Instagram @vivamos_galegos e tik tok @vivamos_galegos

A partir do primeiro día de promoción (12/07/2021 ás 12:00 a.m.) e ata o último día (31/08/2021 ás 23:59 p.m.) *[A resolución dos gañadores terá lugar os días: 19- 26 xullo / 2- 9-16- 23- 30 Agosto / 6 setembro ás 12:00 a.m.]*

Para participar de maneira dixital:

1. Os participantes terán que seguir a conta de Instagram e de Tik tok @vivamos_galegos
2. Cada mércores lanzaranse retos on line en ambas as plataformas. Os participantes terán que contestar, etiquetar... segundo o que indique o reto.
3. O participante poderá participar as veces que queira. *[**Sendo exclusivamente válida a primeira participación para optar ao premio,*
4. No estarán permitidas as participación cuxo contido se considere inadecuado, ofensivo, inxurioso, discriminatorio ou que poidan vulnerar dereitos de terceiros, reservándose a entidade organizadora a posibilidade de descualificar os participantes que incoran niso e denunciar este contido. Tampouco serán válidas as etiquetas de fotos referentes a outras localidades.

6.- SELECCIÓN do gañador / gañadores, suplentes, comunicación e entrega.

En cada localidade **presencial** do percorrido do tráiler os participantes gañarán unha camiseta (15) e participarán no sorteo final correspondente a esa semana.

No percorrido do tráiler **online** os participantes poderán gañar unha camiseta. Vaise repartir un total de 20 camisetas nas diferentes plataformas e nos distintos retos.

Cada luns haberá un gañador final en cada parada e, a maiores, seleccionárase un gañador, de forma aleatoria, a través da plataforma easypromos, para o premio semanal.

Comunicarase quen son os gañadores a través dunha storie de Instagram (se o gañador é desta plataforma) ou cun vídeo en tik tok (se o gañador é desta plataforma) e, posteriormente, poñeranse en contacto con eles a través dun MD para recompilar os seus datos. No caso de non poder ter comunicación co gañador, o premio será adquirido polo suplente que, anteriormente, se seleccionou a través da plataforma easypromos.

7.- Premios

Os premios que se van sortear son:

1. Bicicleta – Pontevedra
2. Kayak – Ferrol
3. Altafalante sen fíos – Lugo
4. Táboa Pádel Surf – A Coruña
5. Estancia en Quinta da Auga – Santiago
6. Cea para dous en Casa Solla – Betanzos
7. Polaroid – Ourense
8. Proxector – Vigo

Estes premios están suxeitos a posibles cambios alleos á vontade da entidade organizadora. Poden sufrir variación en función do stock, neste caso, serán substituídos por unha marca de maior ou igual

calidade. En ningún caso poderán ser obxecto de cambio, alteración, compensación económica nin cesión por pedimento dos gañadores.

8.- Desvinculación con respecto a Instagram

“Instagram non patrocina, nin avala nin administra de ningunha maneira esta promoción, nin está asociado a ela. O usuario desvincúlase totalmente de Instagram e é consciente de que está proporcionando a súa información á empresa C. Grupo de Empresas de Comunicación, Márketing e Investigación S.A e non a Instagram en concreto. A información que proporcione utilizarase para xestionar a participación dos concursantes e comunicarlle o premio así como anunciarlo nas redes sociais de Facebook, Instagram e Twitter”

9.- Protección de datos

*Os datos subministrados polos participantes serán tratados confidencialmente e recompilados nun ficheiro automatizado de datos de carácter persoal, sendo a empresa **C. Grupo de Empresas de Comunicación, Marketing e Investigación S.A.** a titular e responsable de dito ficheiro, con domicilio social en domicilio en **R/Enrique Mariñas, 36 – Ático 15009 de A Coruña** cuxa finalidade será a xestión deste sorteo e envío de información comercial que puidese ser do seu interese.*

A empresa garante o cumprimento íntegro da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal no tratamento dos datos persoais recollidos neste sorteo, en especial polo que se refire á atención do exercicio dos dereitos de información, acceso, rectificación, oposición e cancelación de datos persoais dos concursantes.

10.- Aceptación das bases.

A simple participación no concurso implica a aceptación das bases expostas aquí, polo que a manifestación no sentido de non-aceptación

da totalidade ou de parte delas implicará a exclusión do participante e, como consecuencia diso, a empresa eliminará a súa participación automaticamente.

11. – Contacto e reclamacións

Os participantes do sorteo realizado pola empresa **C. Grupo de Empresas de Comunicación, Márketing e Investigación S.A.** poderán achegar a través do noso correo electrónico maytehermida@bapconde.com calquera dúbida ou reclamación que poidan ter sobre a actividade realizada.